




XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
XEFATURA TERRITORIAL
Servizo de Infraestruturas Agrarias

Edificio Administrativo
Avda. María Victoria Moreno, 43
36071 PONTEVEDRA
Fax: 986 805 294



Fondo Europeo Agrícola de
Desenvolvemento Rural:
Europa inviste no rural

CAMBADOS
REXISTRO ENTRADA
2019-E-RC-6504
16/10/2019 08:43



Sra. Alcadesa-Presidenta do Concello de Cambados
Praza do Concello, 1
36630 Cambados (Pontevedra)

Asunto: Remisión aviso aprobación acordo de reestruturación parcelaria
Z.C.P: Oubiña, 2º sector (Cambados)

Remítolle aviso relativo ao anuncio do 2 de outubro de 2019, do Servizo de Infraestruturas Agrarias de Pontevedra, polo que se comunica a aprobación do acordo de reestruturación parcelaria da zona de Oubiña, 2º sector (Cambados, Pontevedra) con fin de que, de conformidade con disposto no artigo 42 da Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia, sexa exposto no taboleiro de anuncios do Concello polo prazo de oito días.

Transcorrido o prazo de exposición pública, deberá devolverse ás oficinas deste servizo na Xefatura Territorial de Pontevedra da Consellería do Medio Rural o mesmo exemplar do aviso coa dilixencia acreditativa da súa exposición pública, expedida polo/a Secretario/a do Concello, e na que se fagan constar os días concretos de exposición.

Pontevedra,

A xefa do Servizo de Infraestruturas Agrarias

María José Pérez Gil
(Asinado dixitalmente)

Data e hora: 15/10/2019 09:50:30





ANUNCIO do 2 de outubro de 2019, do Servizo de Infraestruturas Agrarias de Pontevedra, polo que se comunica a aprobación do acordo de reestruturación parcelaria da zona de Oubiña, 2º sector (Cambados-Pontevedra)

Ponse en coñecemento dos interesados na reestruturación parcelaria da zona de Oubiña, 2º sector (Cambados-Pontevedra), que con data do 30 de setembro de 2019, o director xeral de Desenvolvemento Rural aprobou a resolución que a seguir se cita:

“Á vista da disposición transitoria primeira da Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia, e en cumprimento do establecido no seu artigo 35, unha vez revisada a documentación e planos que o compoñen, polo presente acto apróbase o acordo de reestruturación parcelaria da zona Oubiña, 2º sector (Cambados-Pontevedra).

Conforme ao disposto no apartado 3 do artigo 16 da antedita lei, queda disolta a xunta local da zona.

Pola Xefatura Provincial do Servizo de Infraestruturas Agrarias do Departamento Territorial desta Consellería do Medio Rural de Pontevedra, dispórase a súa notificación e publicación nos termos legalmente establecidos”.

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpor recurso de alzada ante a persoa titular da Consellería do Medio Rural, dentro do prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da recepción persoal ou publicación substitutiva.

Pontevedra, 2 de outubro de 2019

A xefa do Servizo de Infraestruturas Agrarias de Pontevedra

María José Pérez Gil

(Asinado dixitalmente)





Documento xustificante do sistema Notifica.gal

Operación realizada

Operación *Aceptada polo usuario*
Data operación *16/10/2019 08:41:04*

Destinatario da notificación

Identificador Notifica.gal *281*
Nome/Razón social *Concello de Cambados*
Apelidos
NIF *P3600600E*

Entidade emisora

Identificador Notifica.gal *304*
Nome *Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural*

Procedemento notificado

Identificador Notifica.gal *14253*
Nome *MRX011 Outros procedementos da Consellería do Medio Rural*

Información sobre a notificación

Identificador Notifica.gal *1056923*
Identificador remesa *382583*
Número expediente
Asunto *Notificación acordo ZCP Oubiña-2º sector (Cambados)*
Adxuntos (un hash por liña) *f1e516e2f8fdeec4e51aac29b9c346efd8babb92*
83f1e1a68891ed4a6da4a2f996c4a8aaa20040df
Data posta disposición *15/10/2019 10:04:15*
Data rexistro de saída *15/10/2019 10:04:14*
Número rexistro de saída *S 788563 / RX 1523372*

Receptor da notificación

Identificador Notifica.gal *281*
Nome/Razón social *Concello de Cambados*
Apelidos
NIF *P3600600E*
Tipo de acceso *Certificado*
Tipo de certificado *FNMT Certificado de Representación de Persona Juridica*

